



## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do 25/06/08

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Despois dun ano de goberno da nova lexislatura, o estado das pistas e estradas da parroquia de Figueirido segue a ser calamitoso. Dase o caso de que nalgunha delas, o estado é de tal deterioro que incluso tende a súa desaparición como é o caso da pista que pasa á beira do local social de Figueirido.

Figueirido, como a meirande parte das parroquias de Galiza está conformada por distintos núcleos de poboación, é dase a circunstancia de que estes lugares están practicamente incomunicados por culpa do mal estado das pistas, contrariamente ao que debería ser a súa función, isto é, vertebrar e comunicar. Cómpre por tanto una humanización destes espazos para que deixen de ser unhas vías de comunicación perigosas, e presten un servizo adecuado aos vecinos, peóns e conductores.

Recentemente comenzou o arranxo da estrada de Bértola e Figueirido. O BNG na lexislatura anterior e por medio dos concelleiros Manuel Acuña e Xosé Lois Portabales solicitou que esta obra contemplase a construción de beirarrúas ao igual que no temo municipal de Pontevedra.

O actual grupo municipal entende que a construción dun paseo a beira da estrada en zahorra e con árbores encaixaría moito mellor no medio rural, cun impacto ambiental cero e tería un custo moito máis reducido.



Imaxe do estado actual da pista a carón do local social de Figueirido



Imaxe actual da estrada que atravesa as parroquias de Bértola e Figueirido

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Vilaboa dirixirase á Deputación Provincial de Pontevedra para que contemple a creación de beirarrúas ou un paseo á beira da estrada provincial que cruza as parroquias de Bértola e Figueirido, estrada de especial importancia para a mobilidade dos veciños da zona.

Vilaboa, 25 de xuño de 2008.

Tomás Boullosa Moure  
Concelleiro

SR. ALCALDE DE VILABOA.



## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do 25/06/08

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada que vai de Figueirido a Vilaboa polos lugares de Borrateiros e o Pazo atópase nun estado de deterioro moi avanzado na parroquia de Figueirido ademáis de carecer de beirarrúas. Recentemente houbo queixas dos veciños polo perigo que esta estrada conleva.

Esta estrada é a única opción para acceder a estes lugares, e conta con curvas pechadas e de pouca visibilidade, sendo un perigo a maiores para os nenos que teñen que usala para coller o autobús escolar ou para os veciños que non teñen escapatoria cando pasa dito autobús.

Como outras estradas da parroquia serve para vertebrala unindo distintos lugares da mesma, así pois son moitos os veciños que a usan.

É imprescindible o seu amaño antes de que ocorra unha desgracia.



Imaxes do estado do vial



### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Vilaboa habilitará nesta estrada cando menos beiravías nos tramos que non o teñen. Estudiarase unha actuación global habilitando unha senda peonil.

Nunha situación similar atópase a estrada Figueirido Vilaboa no tramo que vai do Acouce á Igrexa de Figueirido, aínda que esta non é titularidade do concello de Vilaboa senón que é da Deputación de Pontevedra.

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Vilaboa solicitará á Deputación Provincial o amaño da estrada Alcouce Bergunde, construíndo beiravías nos lugares onde carece das mesmas e construíndo unha senda peonil que mellore a seguranza dos peóns.

Vilaboa, 25 de xuño de 2008.

Tomás Boullosa Moure  
Concelleiro

SR. ALCALDE DE VILABOA.



## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do 25/06/08

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vella estrada que une a N-550 con Castiñeiras máis coñecida como "a do cuartel", é una das moitas do concello que cada día está en peor estado.

Esta estrada ten moito tráfico de vehículos por mor da Brilat e da afluencia ao parque da lagoa de Castiñeiras, ademais de dar servizo ao veciños de Postemirón e Figueirido, rexistrando nestas poboacións un gran tránsito peonil.

Unha curiosidade desta estrada é que foi construída polos presos que cumpriron condeza durante a guerra civil no cuartel, quizais por esta razón ou polo desinterese das distintas administracións aínda hoxe non ten ningunha titularidade pública.



Imaxes da estrada de subida ao cuartel

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Vilaboa dirixírase á Deputación Provincial de Pontevedra solicitar que asuma a titularidade desta estrada, pois hai ben pouco o seu presidente manifestou que non tería inconveniente en asumir a súa titularidade. En dita solicitude farase constar que a estrada precisa unha revisión do firme e a construción dunha senda peonil paralela ou no seu caso beirarrúas no núcleo de Postemirón e no tramo que une Balteiro co recinto das festas e o campo de fútbol de Figueirido.

Vilaboa, 25 de xuño de 2008.

Tomás Boullosa Moure  
Concelleiro

SR. ALCALDE DE VILABOA.